



## EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

### ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO "CAMPAMENTO DE VERÁN DO CONCELLO DE TUI PARA O ANO 2017", APERTURA SOBRE Nº 3. PROXECTO DE PRESTACION DE SERVIZO.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Tui, ás dez horas do día 12 de xuño de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

#### Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente.

#### -Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.  
Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.  
Diego Fernández López, técnico municipal.  
Laureano Alonso Álvarez, concelleiro delegado de Deportes.

#### Secretario:

José Ángel Fernández Rodríguez, funcionario do concello.

Na sesión de data 7 de xuño de 2017 a Mesa de contratación acorda:

1º.-Excluir ás empresas: Servizos integrais de Formación S.C.; Koremi Xestión Deportiva S.L.U; Actividades Acuáticas Minho S.L.; e Ludus Tempori S.Coop. Galega, en base ao disposto nos artigos 139 ,145 e 150.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público; no artigo 26 do Real Decreto 817/2009 de 8 de maio, así como polo disposto no informe 28/12, de 20 de novembro de 2012, da Xunta Consultiva de Contratación por non achegar a documentación conforme as indicacións contidas no correspondente prego e ser coñecidos con carácter previo datos dos criterios a incluir no sobre nº 2. Dado que a avaliación das ofertas conforme a criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas realizarase tras efectuar previamente a de aqueles outros criterios en que non concorra esta circunstancia, todo elo co fin de evitar o coñecemento de datos que poidan influenciar na valoración a realizar mediante a aplicación de fórmulas e así manter a máxima obxectividade na valoración das proposicións. Por tanto a inclusión de información sobre a oferta available mediante fórmulas no sobre correspondente á información suxeita a xuizo de valor, infrinxe o principio de igualdade de trato e non discriminación e conleva así mesmo a exclusión do licitador.

Ademais do anterior os pregos de cláusulas administrativas na cláusula 9, indica claramente respecto a forma de presentación das ofertas que: "*a documentación relativa ós criterios nos que a ponderación dependa dun xuizo de valor (e non da aplicación de fórmulas), debe presentarse, en todo caso, en sobre independente do resto da proposición, nos termos establecidos no presente prego*".

2º.-Respecto ao proxecto de servizo presentado pola empresa Axouxere, S.L., derivase ao animador deportivo municipal e membro da mesa aos efectos de emitir informe-valoración.

Comeza este acto de carácter público dando lectura ao anuncio da convocatoria desta Mesa relativa á posta en coñecemento do informe valorativo emitido polo técnico municipal do proxecto de servizo presentado pola empresa Axouxere S.L., e outorgamento de puntuacións pola Mesa ao sobre nº 3 - Criterios no que a ponderación dependa dun xuizo de valor - Proxecto de prestación de servizo".

A continuación procédese á lectura do informe elaborado polo Animador Deportivo do Concello de Tui e membro desta Mesa de Contratación, que literalmente se transcribe a continuación:

**"CAMPAMENTOS DE VERÁN 2017 INFORME DA MEMORIA PRESENTADA POLA EMPRESA AXOUXERE DEPORTE E ANIMACIÓN S.L.**

Dentro dos criterios para a adxudicación do contrato dos Campamentos de Verán 2017, se establece a presentación do proxecto de prestación do servizo, valorado ata un máximo de 30 puntos.

Unha vez revisada a memoria da empresa Axouxere Deporte e Animación S.L., a valoración dos apartados sería a seguinte:

- Programa de actividades a realizar, de manera xeral e por cada unha das quendas, indicando o fio conductor do campamento. O indicado cumple co establecido no prego de prescricións técnicas. 3 PUNTOS.
- O Cronograma das actividades a desenvolver. O indicado cumple co establecido no prego de prescricións técnicas. 3 PUNTOS.
- Metodoloxía a utilizar. O indicado cumple co establecido no prego de prescricións técnicas. 3 PUNTOS.
- Actividades especiais a realizar en cada quenda: establecen actividades de natación na piscina municipal, saídas turísticas, rutas medioambientais, festa de clausura, entregas de diplomas, a árbore dos valores, realización de Lipdup e actividades en lingua inglesa. 2 PUNTOS.
- Medios humanos que se achegrán para a prestación do servizo, acompañado dos datos persoais e titulación dos mesmos, cumplindo a ratio de 1 monitor por cada 15 participantes. O indicado cumple co establecido no prego de prescricións técnicas. 3 PUNTOS
- Medios materiais. O indicado cumple co establecido no prego de prescricións técnicas. 3 PUNTOS
- Equipamento persoal ao cargo do programa. O indicado cumple co establecido no prego de prescricións técnicas. 3 PUNTOS
- Modelo de camiseta a entregar a cada un dos participantes por quenda. Neste apartado establece a cor branca como camiseta de todos los participantes. Baixo o meu criterio, sería mellor establecer diferentes cores en función dos tramos de idades, para así poder facilitar aos nenos/as o recoñecemento do seu grupo. 2 PUNTOS.
- Modelo de enquisa de grao de satisfacción do campamento. O indicado cumple co establecido no prego de prescricións técnicas. 3 PUNTOS
- Protocolo de entrega e recollida dos nenos/as participantes. O indicado cumple co establecido no prego de prescricións técnicas. 3 PUNTOS

Polo tanto, a valoración final da prestación do servizo da empresa "Axouxere Deporte e Animación S.L.", sería de 28 puntos".

O Animador Deportivo manifiesta que esta valoración se fixo tendo en conta a viabilidade do proxecto presentado, de acordo coa metodoloxía, programación e planificación proposta; coherencia do cronograma e da metodoloxía proposta; calidade global do servizo ofertado; as características dos medios materiais a empregar para o seu desenvolvemento; a maior adscrición de recursos humanos especializados respecto do persoal mínimo sinalado no prego de cláusulas administrativas e prego de prescricións técnicas así como a súa cualificación, valorándose especialmente a diminución na ratio monitor/alumno; tamén se fixo valoración da calidade da camiseta e adecuación á finalidade de identificación dos tramos de idade; sendo tamén obxecto de valoración así mesmo o protocolo a empregar para a eficaz entrega e recollida dos menores e o modelo de enquisa de satisfacción do campamento no senso de verificar que permitirá extraer con claridade a percepción que os usuarios teñen do servizo de campamento de verán e demais datos que permitan obter o grao de satisfacción e os aspectos de mellora do devandito servizo.



## EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

A Mesa de Contratación, á vista do informe técnico emitido, acorda por unanimidade:

Acepta-la valoración emitida polo Animador Deportivo de xeito que se outorga a puntuación total de 28 puntos á empresa "Axouxere Deporte e Animación S.L".

De seguido e sendo as dez horas e cincuenta e seis minutos exténdese a presente acta, que, trala súa lectura se asina por tódolos asistentes, do que eu secretario, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O PRESIDENTE

Asdo.: Enrique Cabaleiro González

O SECRETARIO DA MESA

Asdo.: José Ángel Fernández Rodríguez

VOGAIS:

O INTERVENTOR MUNICIPAL

Asdo.: Aitor Iglesias Monzón

A SECRETARIA MUNICIPAL

Asdo.: Pilar Fernández Alonso

OTÉCNICO MUNICIPAL

Asdo.: Diego López Fernández

O CONCELLEIRO DE DEPORTES

Asdo.: Laureano Alonso Alvarez